



e

o E.N.D.L.

propoñen

**2010**

**VINTE DEZ**

*Creación dunha canle de TV en liña do IES Porto do Son*

**PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN E  
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
CURSO ACADÉMICO 2009-2010**

**IES Porto do Son**

## 1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO

### 1.1. Os antecedentes: *SonCine*

O IES Porto do Son vén desenvolvendo dende o ano 2006 un proxecto educativo que procura introducir o audiovisual nas aulas. Baixo o nome de **SonCine**, esta actividade aglutina un grupo de alumnos e profesores que, en colaboración con profesionais do medio audiovisual galego, fan cine no centro de estudos aproveitando e dinamizando a capacidade creativa latente no alumnado de todas as idades e aptitudes.

A sociedade actual proxecta, para ben e para mal -e cada vez máis- os seus valores e coñecementos a través de novas canles. Os formatos audiovisuais teñen, neste sentido, unha importancia crecente. Faise necesario, xa que logo, adaptarse aos novos medios para construírmonos non só como espectadores pasivos deles senón tamén como produtores para acadar unha posición crítica, e de poder, no novo contexto social. É dicir, debemos cambiar a nosa actitude: non ser obxectos e consumidores de imaxes, senón suxeitos e produtores delas. Que non falen de nós, falar nós de nós mesmos. Os novos medios tecnolóxicos posibilitan cun custe reducido en tempo, técnicas e cartos que poidamos existir dentro da esfera das imaxes desde a nosa propia visión. O sistema escolar debe ensinar esta nova forma de escritura, pois diso se trata: de facer o relato das nosas experiencias e coñecementos dun xeito novo, que, evidentemente, se sustenta no coñecemento e nas experiencias acumuladas ao longo da historia.

SonCine naceu para fomentar ese espírito crítico ante o consumo audiovisual, para animar á reflexión e achegar a linguaxe propia destes medios ás aulas dotando o alumnado participante dunha alfabetización audiovisual básica. Ao longo das catro edicións que leva en marcha o programa no noso centro, xa participaron un cento de alumnos e profesores de diferentes departamentos didácticos do instituto que se responsabilizaron dos equipos de rodaxe (produción, dirección artística, etc.). Así mesmo, colaboraron de maneira desinteresada profesionais do medio como Manuel Olveira “Pico”, Víctor Fábregas e Mónica Caamaño (actores), Chicha Blanco (maquillaxe), Luis Aviles e Mario Iglesias (clases de dirección), David Machado (son), Fran Piñeiro (fotografía), Mara Fernández (produción) ou Chema Esperante (*acting*).

Os materiais producidos no marco desta actividade, que se poden consultar nos enderezos web <http://www.vimeo.com/soncine>, <http://vodpod.com/olaprofe/soncine> e

<http://sites.google.com/site/olaprofe/> (nos attachments a pé de paxina accédese ás diferentes programacións e materiais escritos xerados na actividade), son de diferente índole, dende curtametraxes a reportaxes de actividades extraescolares ou documentais.

- 2006: *Nico* (curtametraxe). Premio á Innovación Educativa da Xunta de Galicia e Premio Educa Compostela do Concello de Santiago de Compostela
- 2006: *Cómo se fixo Nico*. Making da curtametraxe homónima.
- 2007: *Making Son* (curtametraxe). Fita presentada nos Festivais de Noia e Redondela.
- 2008: *Mar* (curtametraxe).
- 2009: *Xosé, un luthier no IES*. Montaxe sobre unha conferencia no IES.
- 2009: *A ONU e os dereitos humanos*. Montaxe sobre unha experiencia que nos foi relatada no IES dun Field Officer do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos.
- 2009: *O balandro Vieta*. Reportaxe sobre a visita a uns asteleiros de ribeira para asistir ao proceso de restauración dun antigo veleiro destinado a buque escola na Ría de Noia.

Hai que sinalar que a CRTVG adquiriu os dereitos de emisión dos dous primeiros traballos, que foron emitidos no programa *Onda Curta* e na canle internacional da TVG. Suman, polo de agora, máis de dezmil visitas na rede.

No curso 2007-2008, SonCine pasou de ser unha actividade extraescolar a formar parte do horario lectivo, como materia de "Audiovisuais e Multimedia". Implantouse en 3º da ESO, nun total de 2 aulas. Cada aula estivo involucrada no proceso de creación dun proxecto. Así mesmo, a materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (4º da ESO e 1º de Bacharelato) orientará desde este ano cara este proxecto engadindo a SonCine a compoñente da alfabetización dixital do alumnado e agregándolle diferentes aplicacións web como os blogues, canles de almacenaxe de vídeos na rede, etc.

Dende o punto de vista lingüístico, SonCine desenvolveuse en lingua galega en todos os seu parámetros (produción, rodaxe, difusión, etc.) e achegoulle ao alumnado os usos cultos da lingua, ámbito no que presenta as eivas propias dun contexto galegófono como Porto do Son no que priman os rexistros coloquiais do galego. Ademais, serviu para reforzar a dimensión comunicativa e instrumental da lingua en relación con usos artísticos e

comunicativos ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e vangardistas, ademais de lúdicos, como son os propios dos medios audiovisuais.

## **1.2. O inmediato: *Vinte Dez***

1- A inminencia dunha auténtica explosión (sinerxias acumuladas desde hai anos: formación en TICs; hardware público; conectividade, etc.) das ensinanzas expandidas obriga ás institucións educativas a posicionarse nun novo contexto de aprendizaxe.

2- O IES de Porto do Son quere facerse ver e interrelacionar neste contexto web, polo que desde este ano comeza a construír a súa Identidade Dixital baixo un dominio ieS\_ON.org ou similar.

3- Entre outros factores, caracterizan a nosa identidade dixital:

a.- a alfabetización no uso dos novos media.

b.- erguer esta nova alfabetización sobre a realidade viva do idioma galego no noso IES.

4- Unha das realidades que constitúe a nosa Identidade Dixital é o que damos en chamar PROXECTO VINTE DEZ.

5- VINTE DEZ (que alude ao ano presente 2010: e á ollada/visión: “olleite de dez”) é unha canle TV por internet.

6- A canle VINTE DEZ dará conta da vida do IES, dos traballos dos alumnos e dos profesores. Servirá, pois, a unha intención académica pero máis punxentemente aos contidos emocionais que representa a convivencia no centro educativo e no contexto que arroupa o centro educativo.

7- No seu mesmo cerne habita a conciencia de abrir o IES ao mundo para que nós, como colectivo social de aprendizaxe, poidamos tamén ter presenza no mundo; tradúcese isto na necesidade de usar plataformas abertas e computación “na nube”. É imprescindible, sequera naquilo que non sexa estritamente académico, superar o modelo de rede e plataforma pechadas.

8- O protagonista, como creador de contidos, e previa autorización dos seus titores legais, da canle VINTE DEZ é o alumnado do IES, aínda que as portas abertas quedan aos outros colectivos: profesorado, nais e pais, etc.

9- Concello e entidades do contorno serán comprometidas polo IES na colaboración activa neste proxecto.

10- Como culminación do curso propoñemos un proxecto paralelo, independente e complementario a este: a organización do **Iº Festival SonCine de Audiovisual Escolar Galego** (rexistrado). Dito festival pretende ser un foro de mestres e alumnado activo neste ámbito. Celébrase a finais de xuño, aproveitando que o noso centro queda a 100 metros da praia e dun cámping que dispón de todas as instalacións idóneas para albergar os visitantes. As mañás serían dedicadas á docencia mentres que as tardes estarán dedicadas a actividades de tempo libre, como bicicleta ou sendeirismo, en colaboración co Ciclo formativo Condución de Actividades Físico-Deportivas no medio Natural, que se oferta no centro. A tardiña- cea sería o momento do debate e networking e para as noites restaría o visionado de traballos. O festival tería unha duración de 3 días, non contaría con premios e non tería máis obxectivo que compartir e propiciar o aprendizaxe e o *networking* entre os asistentes.

10+1- O produto cultural que flúe da canle VINTE DEZ, en razón da súa vontade de servizo social, suxéitase ás licenzas Creative Commons.

## **2. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

Como se apunta no apartado anterior, os datos que recolle o Proxecto Lingüístico de Centro, fornecidos pola análise da enquisa cumprimentada pola práctica totalidade do alumnado no curso 2008-2009, indican que o centro se atopa enmarcado nun contexto maioritariamente galegófono no que a lingua de uso maioritario da poboación é o galego, empregado de forma monolingüe por un 89% entre os avós dos alumnos, un 83% entre os pais e un 81% entre irmáns.

No que respecta á lingua vehicular das aulas, hai que destacar que a porcentaxe de uso da lingua galega aumentou no paso do ensino primario ao secundario (72 % fronte ao 77%), o que sinala que o centro educativo serve de reforzo para os hábitos lingüísticos do alumnado. Así, segundo os rapaces e rapaces do IES este é un factor decisivo para facer a súa propia escolla lingüística (así o pensan un 64%) e o inquérito reflicte unha valoración positiva da presenza da lingua propia do alumnado no ensino (un 59% prefire o uso do galego na clase; 8% o castelán; e, 33% é indiferente a esta elección), resultando significativo que un 72 %

manifesta crer que a calidade dos seus estudos melloraría se se desen máis materias en galego.

Así mesmo, na análise das diversas funcionalidades que se lle aplican ao idioma non se perciben actitudes marcadamente prexuízadas cara ao galego. Se ben estas actitudes lingüísticas que se extraen das enquisas non son especialmente negativas, si se revelan comportamentos diglósicos de cara á utilidade da súa lingua habitual en códigos asociados á modernidade e aos hábitos de lecer da mocidade, á promoción social ou á subalternidade da lingua para vehicular determinadas expresións culturais e sociais. Do mesmo xeito, e sobre todo nas idades máis temperás, advírtese certa reacción á asunción da lingua como idioma que conta cun rexistro estándar, modelo culto que se identifica maiormente co castelán.

En relación co anterior, o emprego das TIC no centro –e neste ámbito incluimos o Proxecto SonCine- como medio para impulsar, reforzar e afirmar a interacción lingüística en galego, cumpren un papel relevante. Cómpre sinalar, en relación con isto último, que en anos pasados xa se consolidou a presenza do galego na páxina web do centro, púxose a disposición de toda a comunidade un amplo abano de ferramentas lingüísticas gratuítas e prácticas (dicionarios electrónicos, correctores ortográficos...) e facilitouse o acceso a distintos portais informativos e de interese xeral en galego, medidas estas nas que o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística colaborou activamente xunto con outros departamentos do centro –nomeadamente Tecnoloxía- e a Equipa Directiva. Neste sentido, o **Proxecto Vinte Dez** recolle o testemuño do labor feito nos últimos cursos para potenciar a creación de contidos por parte do alumnado e o profesorado convertendo o galego na lingua compartida á hora de seleccionar e elaborar os contidos e de expresarse no traballo realizado coas TIC e os medios audiovisuais. Deste xeito, afortálase a imaxe pública da lingua galega vencellada á contemporaneidade e á cultura galega en todas as súas manifestacións.

A creación dunha televisión escolar en liña pretende poñer á disposición da comunidade educativa unha ferramenta pedagóxica cun grande potencial dentro das aulas ao tempo que axuda a crear unha imaxe dixital do centro educativo propia da era dixital ao se diversificar o proxecto na creación de diferentes soportes web (blogues, aplicacións diversas da web 2.0, etc.) e ao acoller os contidos de diferentes departamentos didácticos do centro (Equipo da Biblioteca, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, os Clubes de Lectura, Departamento de Actividades Extraescolares, o ENDL, etc.) e mesmo de colectivos

de fóra do instituto (Grupo de Teatro do concello, outros centros educativos sonenses e asociacións culturais).

### **3. OBXECTIVOS**

#### **3.1. Lingüísticos**

- a. Estender a lingua galega nos medios audiovisuais e nas TIC como ámbitos de prestixio e predicamento entre a xente nova para reforzar a superación progresiva dos esquemas diglósicos e a consecuente eliminación dos prexuizos lingüísticos dende a sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua galega.
- b. Mellorar as destrezas lingüísticas, nomeadamente as activas, do alumnado e do profesorado e repercutir este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.
- c. Valorizar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e vangardistas e aos usos lúdicos do idioma e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- d. Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos en lingua galega que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade do idioma e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- e. Implicar o maior número de alumnado posíbel nas actividades do ENDL para que as súas accións teñan unha maior visibilidade e incidencia na comunidade educativa e o seu contorno.

#### **3.2. Específicos do proxecto**

- α. Crear unha canle de televisión en liña no centro que acolla contidos didácticos de diferente fasquía en lingua galega: curtametraxes de ficción, reportaxes, entrevistas, documentais, filmación de actividades extraescolares, anuncios publicitarios, etc.
- β. Fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado e do profesorado mediante o dominio de diferentes aplicacións web, así como incidir na actualización e mellora da metodoloxía educativa en relación aos novos medios.

- χ. Empregar de modo responsábel e creativo as TIC e os medios audiovisuais para desenvolver as capacidades artísticas, de aprender a aprender, de obter información e de compartir coñecementos.
- δ. Fomentar a competencia lingüística a través do audiovisual e as TIC como soportes que favorecen a interacción comunicativa, que integran a linguaxe verbal, visual e musical e que dinamizan diferentes destrezas académicas (representar, recitar, escribir, ler, reseñar, debater, comentar, expoñer, etc.).
- ε. Empregar a canle de TV en liña como un soporte a través do cal o alumnado acceda con criterio a produtos culturais (cinema, literatura, música...) que se atopan fóra dos circuitos establecidos, máis mediáticos e comerciais, á vez que interactúan co seu contorno e os seus intereses.
- φ. Facilitar dinámicas de traballo que supoñan unha toma de contacto e de corresponsabilidade entre os diferentes estamentos da comunidade escolar.
- γ. Promover relacións con outros centros educativos así como colectivos e administracións do contorno escolar que teñan incidencia na comunidade educativa.

## 4. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

### 4.1. Proposta metodolóxica

Non hai outra maneira de alfabetizarse nos novos media que a práctica diaria neles. A innovación constante obriga a unha nova maneira de afrontar o coñecemento, máis como unha técnica de resolución de novos e constantes problemas que como un repertorio de coñecementos canónicos. Desde esta perspectiva propoñemos:

- Unha metodoloxía que se caracteriza pola súa flexibilidade, sentido práctico, carácter resolutivo, construción colectiva dos contidos, traballo de equipo e procura da excelencia no proceso máis que no resultado.
- Dada a especificidade dos traballos audiovisuais, o traballo en equipo é fundamental. Non todos serán cámaras, non todos serán sonidistas, ou montadores ou informáticos ou actores, pero todos serán algo. E ese algo é imprescindible para o traballo dos outros.
- O equipo terá a seguinte estrutura.
  - Coordinado Xeral: será o encargado de distribuír os grupos, programas as actividades e reunirse cos diferentes coordinadores de grupo para avaliar a marcha de cada actividade.
  - Equipo de produción: contacta aos alumnos e profesores que van achegar contidos, con anterioridade e previsión. Constrúe un calendario de conferencias, excursións e actos ou eventos que sexan susceptíbeis de ser filmados. Coordina os traballos de todos os equipos e mira que todo estea disposto para os momentos de filmación e emisión, no caso que se poida emitir por *streaming*.
  - Equipo de filmación: aínda que este sexa diferente en función dos proxectos, haberá un equipo e localización bases, na aula de audiovisuais do IES, onde se imparte a materia PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA, equipo base que integrarán precisamente alumnos escollidos destes grupos de 3º que se responsabilizan do mantemento, posta a punto e realización das rodaxes.
  - Equipo de montaxe e difusión web. Estará formado por un grupo fixo dada a súa tarefa, acceso a contrasinais, programas complexos, etc., ao que se unirán puntualmente alumnos e profesores dos diferentes proxectos. O equipo de

montaxe e difusión web estará composto por alumnos escollidos das aulas TIC de 4º ESO e de 1º de Bacharelato.

- A participación, ben que sexa incentivada polos profesores das diferentes materias, é voluntaria.
- Cada equipo estará coordinado por un profesor do centro.
- Os tempos de filmación dependerán do obxectivo que en cada caso se procure: nas conferencias excursións, actos, etc. a filmación intégrase no evento. Nos outros casos, cando faga referencia a unha actividade de aula no tempo da propia materia; outramente, nos proxectos referidos á actividade do centro no seu conxunto: entrevistas, biblioteca, curtas, etc, procurarase reducir o tempo de rodaxe aos recreos; se xurdise un proxecto máis extenso, contariamos coa tarde de actividades extraescolares.

#### **4.1. Actividades e contidos.**

Os contidos e actividades que se desenvolverán serán, entre outros máis previsíbeis, os seguintes, ben entendido que un proxecto coma este se atopa suxeito pola súa propia indole a avaliación e revisión constante:

- posta en marcha dos blogues, webs e redes sociais que albergarán os contidos da TV Vinte Dez.
- reportaxes das actividades académicas do centro: entra aquí desde a filmación e montaxe dunha conferencia ata no seu caso a filmación dunha aula específica por un profesor.
- entrevistas dentro e fóra do IES: é esencial propiciar a relación do IES co seu contorno ben con visitas ao centro de persoas de interese ou do centro ás diversas empresas ou centros de actividade do concello.
- pequenas curtametraxes.
- opinión do alumnado sobre lecturas de libros en relación coas actividades da biblioteca e os clubs de lectura.

- definicións cativas: un equipo do instituto desprazarse a algún(s) centro(s) do concello para gravar os máis cativos nun formato similar ao programa da TVG “o país dos Ananos”.
- IES Lip Dub: gravación de videoclips sobre temas de grupos musicais galegos de actualidade.
- gravación dun spot de sensibilización lingüística.
- conferencias cun formato tipo TED (salvando as distancias).
- actividades no medio natural do ciclo formativo do IES “Condución de actividades físico-deportivas no medio natural”.
- actividades das diferentes materias.
- actuacións musicais, teatrais, coreográficas, etc. do alumnado.
- filmación dos eventos que ritualmente teñen maior importancia para o noso alumnado: o magosto, o antroido, festival fin de curso, etc.
- monólogos humorísticos e certame de narración oral (ENDL).
- subtítulado de vídeos de interese para o ámbito académico.

As actividades compártense na web a través de diferentes canles: blogue propio que serve de diario escrito da actividade; canle Vimeo como repositorio dos vídeos; canle tv worldtv. Estas ferramentas tamén son referenciadas desde a páxina do centro, e utilizarán todos os medios para posicionarse na rede.

Desde Vinte Dez promoveranse puntualmente actividades formativas de tarde en horario extraescolar segundo vaiamos comprobando as nosas limitacións.

Teremos un control o máis estrito posíbel sobre a exhibición das imaxes do noso alumnado e a súa legalidade.

## 5. RECURSOS

A causa da experiencia de SonCine, podemos ofrecer dous recursos básicos:

- **alumnos**

1. ex-alumnos e alumnos pasaron pola experiencia de traballar en grupo na elaboración de curtas e documentais de SonCine e que saben o que é traballar de forma profesional pois foron asesorados por especialistas do medio audiovisual.
  2. novo alumnado das materias de audiovisual e TICs.
  3. alumnado do centro que participe do ENDL, nos Clubes de Lectura, nas actividades da Biblioteca e, en xeral, todo o alumnado do centro en función das actividades dos departamentos didácticos que teñan cabida en Vinte Dez.
- **Profesorado** interesado e con experiencia noutros proxectos similares. A día de hoxe o proxecto conta con dous docentes do IES comprometidos na coordinación de equipos: Román Cerqueiro Landin e David Pérez Iglesias, aos que se sumará un terceiro docente. Ademais, Vinte Dez contará cun docente por departamento, que actúa como enlace cos coordinadores dos equipos e que, dependendo da actividade didáctica ou extraescolar programada, participarán en cada equipo ou delgarán nun compañeiro de departamento: Departamento Ed. Física: Alejandra Carro Mahía; Bioloxía e Xeoloxía: Xulio César Iglesias Feijoo; Lingua. Galega: Sonia Ces García; Lingua Francesa: Concepción Mujico Valiño; Lingua Inglesa: Ana Fábregas Valcarce; Música: Carlos Peón Fernández; Relixión: Dolores Fernández López; Tecnoloxía: Manuel Ramón Fernández Maneiro; Lingua Castelá: Teresa Fernández de Paz; Plástica: Fernando de Castro Miguel; Física e Química: Francisco Mariño Domínguez; Filosofía: Isidoro Teira Fernández; Matemáticas: Juan Carlos Parada Sobrido; Orientación: Elena González González; Biblioteca: Ruth Losada; e Grupo de Teatro: Ánxela Doval.
  - **material** de produción propia, adquirido para o seu uso no IES cos seus recursos propios, grazas a premios, á venda de dereitos á TVG, doazóns e axudas de Axencia do Audiovisual Galego e da Dirección Xeral de Comunicación. Un inventario pertinente sería o seguinte:
    - Tres **cámaras** de vídeo: unha semiprofesional Panasonic PS1 mini DV; unha Canón de usuario de alta definición; unha vella e entrañable Sony.
    - **Pértega de son** telescópica de fibra de carbono, 5 metros.
    - **Micrófono direccional**, co seu deadcat, e sistema de **suspensión** profesional.

- **Focos** de iluminación fotografía.
- Dúas **cámaras fotográficas** Panasonic Lumix.
- **Ordenador** con software de edición de vídeo Avid Academic, xa vello e insuficiente para este proxecto.
- Canón.
- Cableados.
- Impresora para DVD.
- Espazo físico na aula de audiovisuais con armario de seguridade, conexión a internet, e suficientes tomas de corrente con potencia eléctrica instalada capaz para o traballo.

## 6. NECESIDADES DE FORMACIÓN

As necesidades máis salientábeis do profesorado e o alumnado atópanse no dominio da produción audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación. Os grupos que se formen para levar a cabo o proxecto presentan distintos niveis de coñecementos, dende o máis básico até o máis experto, que presentan aqueles profesores e alumnos xa familiarizados co Proxecto SonCine. En consecuencia, é preciso levar a cabo accións de formación nas destrezas básicas por medio da propia práctica coas ferramentas que se van empregar (manexo das cámaras de vídeo e cámaras fotográficas, programas de edición multimedia, aplicacións web 2.0 -blogue, rede social, videosharing-, etc.).

O proxecto basea as súas necesidades formativas nunha retroalimentación continua entre a aprendizaxe técnica das diferentes aplicacións web e do manexo do material audiovisual e a produción de contidos nun proceso no que os integrantes formarán parte segundo as funcións e as producións en que participen. O itinerario e os soportes formativos base serán os seguintes:

- as materias Producción Audiovisual e Multimedia (3º da ESO) e Informática e Tecnoloxías da Información e a Comunicación (4º da ESO e 1º de Bacharelato).
- o alumnado participante nas anteriores edicións do proxecto SonCine e os grupos matriculados nas materias citadas guiarán o alumnado sen experiencia,
- os blogs activados para as materias de Lingua Galega, o Equipo da Biblioteca, o ENDL e os Clubes de Lectura, que conducirán o profesorado destes departamentos,
- a rede social (baseada na aplicación web 2.0 Ning) creada *ex professo* para compartir guías de uso das aplicacións web, preguntar dúbidas ao profesorado responsábel, compartir experiencias e as producións, coñecer modelos, etc. Esta rede estará aberta ao conxunto do profesorado e o alumnado participante.

O profesor coordinador distribuirá os diferentes grupos de traballo e marcará os obxectivos e funcións de cada un deles segundo o nivel de coñecemento e a destreza das aplicacións técnicas procurando integrar as dimensións curriculares, creativas e lúdicas do audiovisual e as tics que contén este proxecto.

## 7. COLABORACIÓNS COAS INSTITUCIÓNS E ASOCIACIÓNS DO CONTORNO

A Concellaría de Cultura do Concello de Porto do Son colaborou desde os seus comezos co proxecto SonCine; de maneira que, aínda sen concretar a día de hoxe, estamos convencidos da súa actitude positiva de colaboración na presente tarefa. Achegaremos carta de apoio á iniciativa nos próximos días se non é posíbel engadila no prazo de presentación.

Nas iniciativas anteriores de SonCine a sociedade civil do Son, desde pequenos comercios ata as empresas do concello, colaboraron como sponsors das nosas actividades tal e como se recolle nos créditos das nosas curtas. Tamén contamos con contactar dende o ENDL coas asociacións veciñais e culturais sonenses para, cando menos, dar a coñecer os proxectos que se levan a cabo no IES para ver se é posíbel crear dinámicas de colaboración.

Os nosos produtos audiovisuais foron estreados no auditorio da Casa da Cultura do Porto do Son, sendo necesarios dous pases para dar cabida á afluencia de público. De aí que se poida dicir que o concello acolle como súas as nosas actividades. É de agardar que isto siga a ser deste xeito. Está prevista a estrea da nosa última produción coa asistencia dos profesionais do medio audiovisual que participaron nela.

Así mesmo, é propósito do proxecto Vinte Dez establecer un maior diálogo cos centros de Primaria e Infantil do concello co obxectivo de integrar os diferentes niveis educativos que hai no municipio en proxectos conxuntos. Así, como actividade piloto, da que poden ir xurdindo novas propostas tanto do proxecto como dos propios centros, contemplamos a gravación do programa “Definicións cativas”, que seguiría o modelo de “O País dos Ananos”, programa da TVG.

As nosas actividades foron obxecto de seguimento e apoio na prensa diaria, en medios como *La Voz de Galicia*, ou canles de televisión locais, como TV Barbanza, por exemplo. A rodaxe da última curta foi seguida por unha unidade móbil da TVG, que se desprazou unha mañá dos días de rodaxe coa fin de elaborar unha reportaxe emitida na Galega.

Sobre estes alicerces exitosos cremos doado implicar os medios, empresas e organizacións do Concello nesta nova andaina Vinte Dez. Outramente as propias empresas, que a miúdo son obxecto de visitas educativas, serán nesta ocasión obxecto das nosas emisións.

Temos, por último, a intención de implicar a profesionais do audiovisual que viven ou son naturais do concello do Son. Para este curso pensamos no videoartista Alberte Pagán e mais no director Xavier Bazarra “Sepi”.

## 8. PLANO DE AVALIACIÓN

A avaliación do proxecto terá en conta especialmente o cumprimento dos obxectivos trazados e a realización das actividades propostas. Porén, malia apuntarmos cara aos resultados finais do proxecto, trátase dun programa flexíbel que debe ir axustándose dende a propia posta en marcha a través dun **plano de seguimento** que considere:

- Fase de preparación:
  - O coordinador xeral asignará as diferentes actividades a pequenos grupos compostos por alumnos e profesores e coordinados, á súa vez, por un docente. Esta distribución vén determinada en función da avaliación inicial do perfil dos grupos (nivel e curso, departamentos implicados...) e dos resultados obtidos en cursos anteriores (alumnado e profesorado implicado en SonCine).
  - O coordinador xeral abordará cos coordinadores de cada grupo a formulación inicial de cada actividade axustándoa ás circunstancias e ás necesidades existentes (horario, reserva de aulas, orzamento, recursos materiais, etc.).
- Fase de realización:
  - Cada grupo de traballo debe ir avaliando o desenvolvemento da actividade para valorar os avances do traballo e introducir os axustes necesarios se fose oportuno.
  - Os coordinadores de cada grupo manetrán reunións periódicas co coordinador xeral para coñecer a marcha do proxecto en cada momento. Cando menos, deberá haber unha reunión mensual do coordinador con cada grupo.
- Valoración e presentación de resultados:
  - Haberá unha avaliación final na que se valore o grao de cumprimento do proxecto, tanto de cada unha das actividades concretas como do programa en conxunto.

- A memoria final debe recoller tanto o grao de consecución dos obxectivos como as propostas de mellora para o cursos seguinte.

O plano de seguimento do proxecto contará cos seguintes **procedementos de avaliación** que permitan sistematizar os resultados obtidos en cada unha das fases e en cada unha das actividades:

- Actas das reunións inicial, mensuais e final.
- Itinerario de monitorización para o coordinador de cada grupo.
- Enquisa de valoración e satisfacción dos compoñentes de cada grupo, diferenciada para o profesorado e para o alumnado, que será cumprimentada ao remate de cada actividade. O modelo será común para todos coa fin de acceder a unha avaliación global facilmente interpretábel polo conxunto.
- Enquisas dirixidas ao resto da comunidade educativa que serán colgadas no blogue do proxecto e nos outros blogues do centro que colaborarán con Vinte Dez (Biblioteca, ENDL, etc.). Os cuestionarios serán breves e sinxelos e proporcionarán, xunto cos comentarios que os usuarios desas plataformas fagan sobre as diferentes producións do proxecto, unha información que será tida en conta na avaliación do proxecto
- Presentación dunha escolma das producións elaboradas durante o curso, e posterior coloquio, no **Iº Festival de Audiovisual Escolar Galego SonCine**.

## 9. DIFUSIÓN

É evidente que o traballo é progresivo e irá en crescendo desde a formación do equipo, a planificación da produción, os primeiros traballos... para culminar na celebración do 1º Festival SonCine de Audiovisual Escolar Galego, a finais de xuño. Da mesma maneira a difusión dos traballos é progresiva, desde os primeiros traballos, ata lograr unha periodicidade semanal a finais de novembro. Na difusión conflúen variadas perspectivas para lograr un bo posicionamento na rede:

- Listas de correo electrónico,
  - Aos centros educativos, ao mesmo tempo que sondamos a predisposición a participar na nosa canle, rede social e festival.

- Aos Equipos de Normalización Lingüística.
- Aos profesionais do medio audiovisual, moi activos na rede.
- Redes Sociais.
  - Creación de grupos nas redes sociais Twenti (cunha presenza enorme de mocidade) e Facebook (mediana idade).
  - Presenza nas redes sociais educativas tanto galegas como internacionais.
- Medios de comunicación.
  - Presentación, en canto o traballo teña madurez a Prensa e Televisión tanto de orde local, comunitario, estatal ou privadas.
  - Presenza nas canles online a traveso do intercambio das nosas experiencias.
- Webs institucionais.
- Comunicación e colaboración cos principais blogs adicados á educación, innovación e TICs e cos colectivos de blogs como Blogaliza.
- Participación nos diversos festivais adicados ao audiovisual escolar ou xove, como Cinema Xove de Valencia.

Porto do Son, 9 de outubro de 2009

O COORDINADOR  
DO PROXECTO

O COORDINADOR  
DO ENDL

Asdo. David Pérez Iglesias

Asdo.: Román Cerqueiro Landín

Vº e praxe  
O DIRECTOR

Asdo: Bernardo José Campos Hermo